

Recurso nº : 116 /2019**Asunto: Solicitud de expediente administrativo e informe**

Perante este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia **presentou recurso especial en materia de contratación** a mercantil ADIANTE SOLUCIONES S.L.U. contra os pregos do contrato para a prestación do servizo de de xestión e programación de actividades do centro xove de creación cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela, expediente CON/3/2019 do Concello de Santiago de Compostela.

De acordo co establecido no artigo 56 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, correspóndelle a este Tribunal Administrativo comunicar ao órgano de contratación a interposición do referido recurso, con remisión de copia do escrito de interposición. Asemade, correspóndelle tamén reclamar o expediente administrativo ao órgano de contratación e o informe mencionado no referido artigo, todo o cal se fai pola presente comunicación. En virtude do dito, **enviarase a este Tribunal NO PRAZO DE DOUS DÍAS HÁBILES o expediente de contratación e o informe**, que inmediatamente se describirán.

O informe, xunto con consideracións sobre a tramitación da licitación, conterà as alegacións que en dereito se consideren respecto ao fondo da/s cuestión/s formulada/s no recurso interposto, e as que se entendan de interese. De ser solicitadas medidas cautelares polo recorrente no escrito de interposición, se poderán remitir as alegacións que se estimen sobre estas, no prazo de dous días hábiles.

Segundo o artigo 28 do Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en material contractual, aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, o expediente deberá ser remitido completo e ordenado, xuntando un índice dos documentos que conteña, incluíndo unha dilixencia de autenticación. Deberase engadir necesariamente unha relación dos participantes na licitación co seu número de identificación fiscal. No caso de unións temporais de empresas, incluíranse os números de identificación fiscal correspondentes a cada unha das entidades que, no



seu momento, a teñan que constituír. No expediente incluíranse os documentos declarados confidenciais polos licitadores facendo constar o seu carácter confidencial no índice e mais o lugar do expediente onde se atopen ditos documentos.

A maiores, o órgano de contratación tamén informará a este Tribunal se o recorrente solicitou e se lle deu vista do expediente, con remisión da documental que así o acredite, no seu caso.

De acordo co previsto no artigo 54 da Lei 9/2017 as comunicacións e o intercambio de documentación entre os órganos competentes para resolver os recursos e os órganos de contratación no procedemento faranse por medios electrónicos.

Para facilitar o cumprimento do trámite, achégase o contido mínimo do expediente a remitir, a adaptar segundo o a documentación e estado da concreta licitación obxecto do recurso e operativa de envío electrónico do expediente.

Santiago de Compostela, na [data da sinatura electrónica]

A Vogal- Secretaria

(asinado electronicamente)

Ana María de Frutos Martínez

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

